



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

CONVENIO DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DAS TAXAS LIQUIDADAS POLO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTOS EN FAVOR DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Polo Pleno da Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de abril de dous mil vinte e seis, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DAS TAXAS LIQUIDADAS POLO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTOS EN FAVOR DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Sra. Presidenta, a teor do seguinte texto:

“O Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamentos de data 28 de novembro do 2025 adoptou o acordo seguinte que, na súa parte dispositiva, di:

“1º Aprobar, se procede, a delegación na Deputación Provincial de Lugo, das competencias de xestión, inspección e recadación en período executivo (procedemento de apremio), das taxas reguladas nas seguintes Ordenanzas Fiscais:

- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.
- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos e a realización de determinadas actividades administrativas.

2º Aprobar, se procede, o texto e a formalización do Convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, para a delegación das competencias de xestión, inspección e recadación en período executivo (procedemento de apremio) das taxas mencionadas no punto anterior.

3º Aprobar, se procede, facultar ao Sr. Presidente do Consorcio, para a sinatura do Convenio e todos aqueles documentos que se precisen, así como para a execución das actuacións necesarias para levar a efecto estes acordos.

4º Aprobar, se procede, comunicar á Deputación Provincial de Lugo os acordos adoptados, así como solicitarlle a aceptación da delegación das competencias en materia de xestión, inspección e recadación en período executivo (procedemento de apremio).”

- Con data 04/02/2026, a Secretaría-Intervención do Consorcio, en relación a este acordo, emite informe no que se expresa o seguinte: “referíndose esta delegación, exclusivamente no tocante ás tarefas en materia executiva”.

- O artigo 106.3 da Lei establece que: “É competencia das entidades locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios, sen prexuízo das delegacións que poidan outorgar a favor das entidades locais de ámbito superior ou das respectivas Comunidades Autónomas, e das fórmulas de colaboración con outras entidades locais, coas Comunidades Autónomas ou co Estado, de acordo co que estableza a lexislación do Estado”.

- O artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais establece, de conformidade co citado artigo 106.3 da Lei 7/1985, a posibilidade de delegación, á vez que regula o procedemento e o exercicio das facultades delegadas, coa seguinte redacción:

“Artículo 7. Delegación.

1. De conformidad con lo dispuesto en el artículo 106,3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, las entidades locales podrán delegar en la comunidad autónoma o en otras entidades locales en cuyo territorio estén integradas, las facultades de gestión, liquidación, inspección y recaudación tributarias que esta ley les atribuye.

Asimismo, las entidades locales podrán delegar en la comunidad autónoma o en otras entidades locales en cuyo territorio estén integradas, las facultades de gestión, liquidación, inspección y recaudación de los restantes ingresos de Derecho público que les correspondan.

2. El acuerdo que adopte el Pleno de la corporación habrá de fijar el alcance y contenido de la referida delegación y se publicará, una vez aceptada por el órgano correspondiente de gobierno, referido siempre al Pleno, en el supuesto de Entidades Locales en cuyo territorio estén integradas en los "Boletines Oficiales de la Provincia y de la Comunidad Autónoma", para general conocimiento.

3. El ejercicio de las facultades delegadas habrá de ajustarse a los procedimientos, trámites y medidas en general, jurídicas o técnicas, relativas a la gestión tributaria que establece esta ley y, supletoriamente, a las que prevé la Ley General Tributaria. Los actos de gestión que se realicen en el ejercicio de dicha delegación serán impugnables con arreglo al procedimiento que corresponda al ente gestor, y, en último término, ante la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Las facultades delegadas serán ejercidas por el órgano de la entidad delegada que proceda conforme a las normas internas de distribución de competencias propias de dicha entidad.

4. Las entidades que al amparo de lo previsto en este artículo hayan asumido por delegación de una entidad local todas o algunas de las facultades de gestión, liquidación, inspección y recaudación de todos o algunos de los tributos o recursos de derecho público de dicha entidad local, podrán ejercer tales facultades delegadas en todo su ámbito territorial e incluso en el de otras entidades locales que no le hayan delegado tales facultades”.

- Con base á normativa citada a Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 27/11/2007, adopta o acordo de aprobar a “Reforma das bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”. Estas bases foron modificadas por sendos acordos de datas 28/10/2008, 29/12/2015 e 30/10/2018.

Estas bases que establecen as condicións nas que se asumen as competencias delegadas polos concellos da Provincia en favor da Deputación.

Resulta preciso establecer as condicións específicas da delegación de competencias por parte do Consorcio e aceptación pola Deputación e para tal fin son válidas as mesmas bases na parte ou medida en que poden ser aplicadas.

As condicións de aceptación da delegación, segundo as bases aprobadas pola Deputación e adaptadas ás mesmas, son as seguintes:

PRIMEIRA.- Contido.

A Deputación Provincial de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 7 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, asume, por delegación expresa do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, as competencias de recadación en período executivo (procedemento de prema), das taxas reguladas nas seguintes Ordenanzas Fiscais:

- . Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.
- . Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos e a realización de determinadas actividades administrativas.

SEGUNDA.- Condicións da delegación.

1º.- Réxime Xurídico.

Para o exercicio das competencias delegadas, a Deputación Provincial de Lugo aterase ao disposto nas “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”, ao ordenamento xurídico local e demais lexislación aplicable de conformidade coa normativa reguladora das facendas locais, así como normativa en materia de recadación que puidese ditar a Deputación Provincial de Lugo, en uso da potestade regulamentaria prevista no art. 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

A Deputación Provincial de Lugo, segundo o réxime de competencias dos seus órganos, poderá ditar disposicións sobre interpretación ou aplicación da normativa anterior.

2º.- Alcance do exercicio das competencias delegadas.

A delegación de competencias supón que, a Deputación Provincial de Lugo, asume a totalidade de funcións e atribucións, tanto en relación a actuacións materiais, como executivas.

O Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, poderá avocar para si, coa conformidade da Deputación Provincial de Lugo, a tramitación de determinados expedientes que, pola súa repercusión económico-social, resulte aconsellable.

Calquera outra actuación do Consorcio no ámbito das competencias delegadas suporía un incumprimento das condicións da delegación.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, procederase a formular data das liquidacións ou cargos a afectados, e quedará exenta de responsabilidades que puidesen producirse no futuro, e sen que poidan ser cursadas de novo para continuar o procedemento.

En particular sinálanse como competencia da Deputación Provincial de Lugo:

Declaración de insolvencias e créditos incobrables.

Actuacións xudiciais en relación a procedementos realizados pola Deputación no marco das súas Bases, e actuacións xudiciais en materia concursal.

3º.- Mellora da xestión tributaria do Consorcio.

A Deputación Provincial de Lugo poderá, directamente ou mediante convenio con outras administracións públicas, prestar a súa colaboración para a mellora da xestión tributaria do Consorcio, podendo proceder á contratación, con empresas especializadas, de traballos de asistencia técnica, ás condicións da cal poderá acollerse o Consorcio.

4º.- Formas de xestión.

A Deputación Provincial de Lugo poderá exercer as competencias delegadas a través de calquera das formas de xestión de servizos previstos pola Lei.

5º.- Contías mínimas.

Non se procederá á recadación daquelas débedas inferiores á contía que se estime ou fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción ou recadación represente, segundo os criterios que estableza o Ministerio de Facenda en desenvolvemento do art.16 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou norma que a puidese substituír.

Non obstante poderanse acumular aquelas débedas inferiores á citada contía, referidas a un contribuínte e concepto, polo mesmo exercicio económico.

6º.- Cargos en período executivo.

Os cargos que realice o Consorcio para a súa xestión recadatoria en período executivo, haberán de acompañarse dun soporte informático no que se incorporen todos os elementos das débedas tributarias. Os devanditos cargos haberán de ser remitidos á Deputación Provincial de Lugo, como tempo máximo, no exercicio seguinte a aquel en que se realizara a cobranza en período voluntario.

7º.- Colaboración do Consorcio.

O Consorcio prestará á Deputación Provincial de Lugo a colaboración que resulte necesaria para a boa prestación do servizo.

8º.- Compensación económica.

Polo exercicio das funcións delegadas, a Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:

- O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

9º.- Liquidacións provisionais e definitivas.

9.1.- Liquidación provisional.

A Deputación Provincial de Lugo, para os efectos informativos, practicará liquidacións provisionais con periodicidade trimestral para a recadación en período executivo.

9.2.- Liquidación definitiva.

No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarase liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso ao Consorcio do importe definitivo de recadación do que se deducirá:

- Devolucións de ingresos indebidos.

- A compensación económica á que se refire o punto 8º pola prestación do servizo.

- Calquera outro importe que proceda, relacionado coas competencias delegadas.

En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao Consorcio este poderá, no prazo dun mes, alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de documentación. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.

Pola Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual.

10º.- Réxime de vixencia.

10.1.- As presentes condicións inician a súa vixencia a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Sendo o primeiro ano o da súa publicación, e finalizando o 31 de decembro de 2028.

10.2.- O prazo inicial de delegación renovarase, automaticamente, se ningunha das partes manifesta, expresamente, a súa vontade en contra, mediante acordo plenario adoptado, e comunicado cun mínimo dun ano de antelación á data de vencemento.

10.3.- Durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ao período sinalado nesta, o Consorcio poderá ampliar, coa aceptación da Deputación, o seu contido dentro do marco establecido nas Bases da Deputación Provincial de Lugo, mediante acordo plenario comunicado á Deputación e producirá efecto dende a data da súa publicación no BOP e no DOG.

10.4.- Esta delegación manterá a súa vixencia naqueles supostos de cambios normativos que non varíen o réxime xurídico, ou establezan tributos ou outros ingresos públicos que substitúan aos actuais.

Por todo o exposte propónse ó Pleno a adopción dos seguintes acordo:

1º.- Aceptar a delegación do acordo do 28 de novembro do 2025 do Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamentos na Deputación Provincial de Lugo, das competencias de recadación en período executivo das taxas reguladas nas seguintes Ordenanzas Fiscais:

- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.
- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos e a realización de determinadas actividades administrativas.

2º.- Aprobar o texto do Convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, no que se recollen as condicións da delegación de competencias.

ANEXO I

CONVENIO

No Pazo da Deputación Provincial de Lugo, sendo o día

REUNIDOS

Dunha parte Dona* **, na súa calidade de Presidenta de Deputación de Lugo

Doutra parte Dona, na súa calidade de Presidenta do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Asiste como fedatario público D., en calidade de Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

INTERVEÑEN

As partes na forma referida.

MANIFESTAN

I.- Que o Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión celebrada o día, adoptou o acordo de delegar na Deputación Provincial de Lugo, as competencias de recadación en período executivo das taxas reguladas nas seguintes Ordenanzas Fiscais:

- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.
- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos e a realización de determinadas actividades administrativas.

II.- Que a Deputación de Lugo en sesión celebrada o día, adoptou o acordo de aceptar a anterior delegación.

Para tales efectos ambas as dúas partes conveñen en formalizar o presente documento establecendo as seguintes:

CLÁUSULAS

CLÁUSULA PRIMEIRA.- Contido.

A Deputación Provincial de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 7 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, asume, por delegación expresa do Consorcio

Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, as competencias de recadación en período executivo, das taxas reguladas nas seguintes Ordenanzas Fiscais:

- . Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.
- . Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos e a realización de determinadas actividades administrativas.

CLÁUSULA SEGUNDA.- Condicións da delegación.

1º.- Réxime Xurídico.

Para o exercicio das competencias delegadas, a Deputación Provincial de Lugo aterase ao disposto nas “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2007, modificadas por acordos de datas 28 de outubro de 2008, 29 de decembro de 2015 e 30 de outubro de, ao ordenamento xurídico local e demais lexislación aplicable de conformidade coa normativa reguladora das facendas locais, así como normativa en materia de recadación que puidese ditar a Deputación Provincial de Lugo, en uso da potestade regulamentaria prevista no art. 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

A Deputación Provincial de Lugo, segundo o réxime de competencias dos seus órganos, poderá ditar disposicións sobre interpretación ou aplicación da normativa anterior.

2º.- Alcance do exercicio das competencias delegadas.

A delegación de competencias supón que, a Deputación Provincial de Lugo, asume a totalidade de funcións e atribucións, tanto en relación a actuacións materiais, como executivas.

O Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento poderá avocar para si, coa conformidade da Deputación Provincial de Lugo, a tramitación de determinados expedientes que, pola súa repercusión económico-social, resulte aconsellable.

Calquera outra actuación do Consorcio no ámbito das competencias delegadas suporía un incumprimento das bases.

En ambos os dous supostos, por parte da Deputación Provincial de Lugo, procederase a formular data das liquidacións ou cargos a afectados, e quedará exenta de responsabilidades que puidesen producirse no futuro, e sen que poidan ser cursadas de novo para continuar o procedemento.

En particular sinálanse como competencia da Deputación Provincial de Lugo:

- . Declaración de insolvencias e créditos incobrables.
- . Actuacións xudiciais en relación a procedementos realizados pola Deputación no marco das súas Bases, e actuacións xudiciais en materia concursal.

3º.- Mellora da xestión tributaria do Consorcio

A Deputación Provincial de Lugo poderá, directamente ou mediante convenio con outras administracións públicas, prestar a súa colaboración para a mellora da xestión tributaria do Consorcio, podendo proceder á contratación, con empresas especializadas, de traballos de asistencia técnica, ás condicións da cal poderá acollerse o Consorcio.

4º.- Formas de xestión.

A Deputación Provincial de Lugo poderá exercer as competencias delegadas a través de calquera das formas de xestión de servizos previstos pola Lei.

5º.- Contías mínimas.

Non se procederá á recadación daquelas débedas inferiores á contía que se estime ou fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción ou recadación represente, segundo os criterios que estableza o Ministerio de Facenda en desenvolvemento do art. 16 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou norma que a puidese substituír.

Non obstante poderanse acumular aquelas débedas inferiores á citada contía, referidas a un contribuínte e concepto, polo mesmo exercicio económico.

6º.- Cargos en período executivo.

Os cargos que realice o Consorcio para a súa xestión recadatoria en período executivo, haberán de acompañarse dun soporte informático no que se incorporen todos os elementos das débedas tributarias. Os devanditos cargos haberán de ser remitidos á Deputación Provincial de Lugo, como tempo máximo, no exercicio seguinte a aquel en que se realizara a cobranza en período voluntario.

7º.- Colaboración do Consorcio.

O Consorcio prestará á Deputación Provincial de Lugo a colaboración que resulte necesaria para a boa prestación do servizo.

8º.- Compensación económica.

Polo exercicio das funcións delegadas, a Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:

- O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

9º.- Liquidacións provisionais e definitivas.**9.1.- Liquidación provisional**

A Deputación Provincial de Lugo, para os efectos informativos, practicará liquidacións provisionais con periodicidade trimestral para a recadación en período executivo de liquidacións individuais.

9.2.- Liquidación definitiva

No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarase liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso ao Consorcio do importe definitivo de recadación do que se deducirá:

- Devolucións de ingresos indebidos.
- A compensación económica á que se refire o punto 8º pola prestación do servizo.
- Calquera outro importe que proceda, relacionado coas competencias delegadas.

En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao Consorcio este poderá, no prazo dun mes, alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de documentación. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.

Polo Presidente da Deputación Provincial de Lugo, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual.

10º.- Réxime de vixencia

10.1.- As presentes condicións inician a súa vixencia a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Sendo o primeiro ano o da súa publicación, e finalizando o 31 de decembro de 2028.

10.2.- O prazo inicial de delegación renovarase, automaticamente, se ningunha das partes manifesta, expresamente, a súa vontade en contra, mediante acordo plenario adoptado, e comunicado cun mínimo dun ano de antelación á data de vencemento.

10.3.- Durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ao período sinalado nesta, o Consorcio poderá ampliar o seu contido dentro do marco establecido nas Bases da Deputación Provincial de Lugo, mediante acordo plenario comunicado á Deputación e producirá efecto desde a data da súa publicación no BOP e no DOG.

10.4.- Este Convenio manterá a súa vixencia naqueles supostos de cambios normativos que non varíen o réxime de delegación, ou establezan tributos ou outros ingresos públicos que substitúan aos actuais.

E para que conste, e obrigue ás partes, asinase o presente Convenio en dous exemplares, no lugar e data ao principio expresados.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace da Ilma. Sra. Presidenta, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vº. e Prace A PRESIDENTA, P.D. Decreto de 14-01-2026, **O DEPUTADO PROVINCIAL**, Pablo Rivera Capón

Lugo, 5 de xuño de 2026.- A presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 1528

CONCELLOS

CERVO

NOMEAMENTO DUN PEÓN DE PARQUES E XARDÍNS COMO PERSOAL LABORAL FIXO. OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DO CONCELLO DE CERVO PARA O EXERCICIO 2025.

De conformidade co establecido na cláusula décima das bases que regulan o proceso de selección para a cobertura dunha praza de peón/ a de parques e xardíns, persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso – oposición, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) do Concello de Cervo para o exercicio 2025, aprobada por Resolución da Alcaldía nº 1193/2025, de data 19 de novembro de 2025, e publicada no Boletín Oficial da provincia de Lugo nº 271, de data 25 de novembro de 2025, faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2026/0533, de data 09/06/2026, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos na praza de PEÓN DE PARQUES E XARDÍNS do concello de Cervo, grupo profesional AP, xornada a tempo completo, ao seguinte aspirante:

Xian Óscar Bello Neo, con NIF **2847***.

A formalización do preceptivo contrato laboral deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, contados dende o día seguinte ao da notificación da proposta e a publicación da mesma na sede electrónica do Concello de Cervo [<http://cervo.sedelectronica.es>].

Cervo, 10 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1560

COSPEITO

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS ADOSADOS AOS EDIFICIOS CON ACCESO DIRECTO A VÍA PÚBLICA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2026

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, mediante Resolución da Alcaldía do 13/06/2024 aprobou o Padrón de contribuíntes da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios con acceso directo a vía pública correspondente ao exercicio 2026, e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

(...)

“PRIMEIRO. Con efectos exclusivos sobre o presente expediente, avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local no punto terceiro 11. Da Resolución de Alcaldía núm. 530/2023 de data 18.07.2023..

SEGUNDO. Aprobar o padrón da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo na vía pública correspondente ao ano 2026, e as liquidacións que o compoñen, de acordo co seguinte resume:

Período	Concepto	Núm. total de cargos Importe €	Núm. cargos domiciliados Importe €	Núm. cargos non domiciliados Importe €
Exercicio 2026	Taxas caixeiros	2 876,00	0 0,00	2 876,00

Comunicando e notificando a liquidación da alta a nome de Caixa Rural Galega.

TERCEIRO. Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (...)

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo dun mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos

xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello que se detallan, nas horas de atención ao público. Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

Entidade bancaria	IBAN
Caixa Rural Galega	ES3330700023691138233125
Abanca	ES5720800113183110000014

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 5 de xuño de 2026.- O alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 1529

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA DO CONCELLO DE COSPEITO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2026

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, mediante Resolución da Alcaldía aprobou o Padrón de contribuíntes da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas de vía pública do Concello de Cospeito correspondente ao exercicio de 2025, e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“(…)

PRIMEIRO.- Con efectos exclusivos sobre o presente expediente, avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local no punto terceiro 11. Da Resolución de Alcaldía núm. 530/2023 de data 18.07.2023.

SEGUNDO.- Aprobar o padrón da Taxa por polo aproveitamento especial da vía pública con entrada de vehículos e reserva da vía pública do Concello de Cospeito correspondente ao ano 2026 e as liquidacións que o compoñen de acordo co seguinte resumo:

Período	Concepto	Núm. total de cargos Importe €	Núm. cargos domiciliados Importe €	Núm. cargos non domiciliados Importe €
Exercicio 2026	Taxas vados	12 790	0 0,00	12 790

TERCEIRO.- Proceder ao seu cobro por vía telemática a través do caderno 19.14. do Consello Superior Bancario con vencemento o 22/06/2026.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

.”

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigo 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso –administrativo ante ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello que se detallan, nas horas de atención ao público. Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constringimento e os intereses de demora que procedan.

Entidade bancaria	IBAN
Caixa Rural Galega	ES3330700023691138233125
Abanca	ES5720800113183110000014

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 5 de xuño de 2026.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1530

FOZ*Anuncio***CONTA XERAL 2025**

Formada e rendida a Conta Xeral desta corporación correspondente a o ano 2025 cos estados e contas aos que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as regras 44 a 55 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro e informada pola Comisión Especial de Contas, na súa sesión do día 28 de maio do 2026, ditaminou a conta xeral do Concello de Foz, correspondente o exercicio económico 2025.

Exponse o público, cos documentos que a xustifican, na Intervención desta entidade, por un prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao da publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante os cales, quen se estimen interesados poderán examinar e presentar por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co artigo 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladoras das Bases de Réxime Local, e o 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Foz, 5 de xuño de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1531

*Anuncio***SELECCIÓN DE PERSOAL**

Por parte deste Concello aprobáronse as Bases e Anexos polas que se establecen as normas para a **Selección de 1 Xefe de Brigada de incendios, 1 Peón Conductor de incendios, 3 Peóns de Brigadas de incendios e 3 Peóns de conductor de motobomba forestal para o Concello de Foz.**

Prazo de presentación de instancias: 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.-

Requisitos do posto de traballo, solicitudes e admisión de aspirantes: recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía 2026-0371 do 26 de maio de 2026, no Taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Foz (www.concellodefz.es)

Foz, 5 de xuño de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1532

LUGO*Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 82.3 e 4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, faise pública a normativa e as ordenanzas do Plan Parcial do SUD S-5.I., solicitado por AVENTO CONSULTORES INMOBILIARIOS, S.L. e aprobado definitivamente polo Excmo. Concello Pleno en sesión celebrada con data do 31-07-2025 (publicado no DOG nº 192 de data do 07-10-2025).

NORMATIVA URBANÍSTICA:

“04.- NORMATIVA URBANÍSTICA. Condiciones de parcela

Definiciones y Condiciones para la urbanización y edificación de las parcelas:

Rasante:Cota que determina la elevación de una alineación o línea de edificación en cada punto del territorio.

De conformidad al artículo 162 del RLSG, se establece un plazo de 3 años para el cumplimiento de los deberes de las personas propietarias, para cada una de las fases.

Normas particulares de la urbanización. Deber de conservación.

Se establece desde el Plan Parcial la obligación de conservación de los propietarios de los solares resultantes de la obra de urbanización por un periodo de 3 años desde la recepción de las respectivas obras de urbanización para cada una de las fases. Una vez cumplido se disolverá la Junta de Conservación respectiva.

Normas particulares de la urbanización. Condiciones de urbanización de las zonas libres y zonas verdes:

La zona EL-ARP será una zona libre especialmente cuidada que dará acceso a la gran zona verde central, urbanizada con pavimentos drenantes, aparcamientos de vehículos de movilidad personal y bicicletas, y dotados de recarga eléctrica, con el mobiliario urbano propio de una zona peatonal y ajardinado densamente.

La zona verde EL-ARX será una zona con todos los servicios propios de un área de esparcimiento con juegos infantiles, pavimentos adecuados y mobiliario urbano que tendrán que cumplir el Decreto 245/2003, de 24 de abril, por lo que se establecen las normas de seguridad en los parques infantiles, así como cualquier otra normativa propia de este uso que le sea de aplicación.

La zona verde EL-XAR será una zona conectada con el vial, urbanizada como continuidad del mismo, pavimentado, con los servicios propios del vial y además ajardinado y con la previsión de juegos infantiles.

El uso EL-PAR-UD será un espacio semejante al EL-PAR pero con una urbanización más densa de elementos y caminos asociados.

En la redacción del proyecto de urbanización deberá tenerse en cuenta además de lo señalado en este apartado la documentación gráfica y la Memoria Justificativa del plan parcial.

Ocupación Directa para Ejecución de Infraestructuras y Reserva de Aprovechamiento:

1. Objeto y Legitimación de la Ocupación. Con el fin de posibilitar la ejecución de las infraestructuras de conexión entre los polígonos colindantes previstas en el presente Plan Parcial, y de conformidad con lo establecido en el Artículo 129.3.b) de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia (en adelante, LSG) y el Artículo 315.3.b) del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016 (en adelante, RLSG), por a aprobación del mismo y de la ordenación que en él se contiene, se autoriza la obtención de los terrenos identificados como necesarios para su ejecución mediante el mecanismo de ocupación directa anticipada.
2. Régimen de la Ocupación Directa y Reserva de Aprovechamiento. La ocupación directa de los terrenos mencionados en el apartado anterior se regirá por lo dispuesto en el Artículo 131 de la LSG y en los Artículos 317 a 321 del RLSG. En virtud de este mecanismo: a. Se reconocerá a los titulares de los terrenos ocupados el derecho al aprovechamiento urbanístico que les corresponda en el polígono al que se vinculen dichos terrenos. La determinación del aprovechamiento urbanístico correspondiente a los propietarios afectados se realizará conforme a los criterios establecidos en la legislación vigente y en el presente Plan Parcial, y se detallará en el preceptivo Proyecto de gestión, con los requisitos que establece el Artículo 318 del RLSG.
3. Procedimiento y Formalización. a. La efectiva ocupación de los terrenos requerirá la previa o simultánea expedición de la certificación administrativa de la ocupación, en los términos del Artículo 320 del RLSG. Dicha certificación, suscrita por la Administración, la Junta de Compensación actuante y el propietario afectado, producirá la transmisión de la titularidad de las parcelas ocupadas a favor de la Administración urbanística una vez recibidas las obras y la correspondiente reserva de aprovechamiento a favor de la persona titular de las mismas. Con carácter previo a la ocupación, se procederá al pago o consignación de las indemnizaciones que correspondan por elementos o derechos diferentes del valor del suelo, conforme al Artículo 321.1 del RLSG, salvo acuerdo expreso con el propietario en los términos previstos en dicho artículo. c. Para la tramitación de la ocupación directa, se elaborará y aprobará el correspondiente Proyecto de Ocupación Directa, que contendrá la documentación y seguirá el procedimiento establecido en los Artículos 318 y 319 del RLSG.
4. Liberación de Cargas. En el caso de que las parcelas a ocupar estuvieran gravadas con cargas reales, se estará a lo dispuesto en el Artículo 321.2 del RLSG para su posible liberación y el reparto del aprovechamiento o el traslado de la carga por subrogación real.

A todo lo no regulado en este plan parcial le será de aplicación la normativa del PGOM de Lugo.”

O Plan Parcial do SUD S-5-I do plan xeral de ordenación municipal de Lugo foi inscrito no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, co número de rexistro ROTPG/P/13/2026, da Sección II, do Libro I, Tomo V, folla rexistral núm. 47.

Lugo, 8 de xuño de 2026.- O tenente de alcaldesa delegado da área de Urbanismo, Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.

R. 1533

MEIRA*Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada o día 8 de xuño do 2026 o Padrón de Vados e entrada por beirarrúas correspondente ao ano 2026.

Por medio do presente faise público que durante o prazo de un mes contado a partir do día seguinte da inserción do presente edicto no B.O. da Provincia de Lugo, queda de manifesto na Secretaría deste Concello ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 8 de xuño do 2026 ata o 8 de agosto do 2026.

A presente publicación, nos dous supostos (edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, en fase voluntaria) surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ó amparo do establecido no citado artigo 124 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorridos os prazos anteriores, as cotas non pagadas, esixíranse pola vía de constrinximento, cas correspondentes recargas que fixa o regulamento de recadación sendo remitidas á Excm. Deputación Provincial de Lugo para o seu cobro por vía de constrinximento, de conformidade co convenio suscrito para tal efecto con este Concello.

Meira, 8 de xuño de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1539

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO 2026, FINANCIADO POLA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO MEDIANTE CONTRATO TEMPORAL DE CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN A XORNADA PARCIAL DO 80% DURANTE 6 MESES

Por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria celebrada o día 8 de xuño do 2026, amplíase o proceso selectivo de operario de servizos múltiples do concello de Monforte de lemos, no marco do programa defomento de emprego 2026 .

As persoas aspirantes que desexen tomar parte nos procesos selectivos deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de ww.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 8 de xuño de 2026.- A 1.ª tenente alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1561

Anuncio

CONVOCATORIA PARA AMPLIACIÓN BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño do 2026 acordou a ampliación da bolsa de emprego de Traballador/a Social do Concello de Monforte de Lemos.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 8 de xuño de 2026.- A 1.ª tenente alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1575

Anuncio

CONVOCATORIA PARA AMPLIACIÓN BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE EDUCADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño do 2026 acordou a ampliación da bolsa de emprego de Educador/a Social do Concello de Monforte de Lemos. .

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 8 de xuño de 2026.- A 1.ª tenente alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1576

PALAS DE REI

Anuncio

Expediente 543/2026.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, adoptou o acordo que logo se transcribe:

Acordo regulador do prezo público pola actividade de campamentos de verán

PRIMEIRO. Aprobar o acordo regulador do prezo público pola actividade de campamento de verán, que logo se reproduce,

SEGUNDO. Publicar o acordo íntegro no BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei para xeral coñecemento e aos efectos previstos na Lei reguladora das Facendas Locais.

Texto da regulación aprobada:

ARTIGO 1. Fundamento e Obxecto

En uso das facultades contidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establécese o Prezo Público pola actividade de campamento de verán, organizada polo Concello de Palas de Rei.

ARTIGO 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible do prezo público a prestación do servizo de campamento de verán, conforme ás normas que se conteñen nas bases aprobadas polo Alcalde e publicadas na páxina web oficial do concello de Palas de Rei.

ARTIGO 3. Obrigados ao Pago

Están obrigados ao pago do prezo público regulado neste Acordo as persoas que se beneficien da prestación do servizo.

ARTIGO 4. Responsables

Responderán solidariamente o pago dos prezos públicos as persoas físicas ou xurídicas ou os entes sen personalidade que soliciten os servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles.

ARTIGO 5. Prezos e criterios de concesión de axudas.

Prezo por participante e mes: 30,00 euros

Tendo en conta o previsto na normativa vixente, por razón sociais, benéficas e de interese público, o concello establecerá dotacións orzamentarias para suplementar os custos anteriores, tendo en conta os seguintes criterios:

Nº	Criterio	Subvención municipal €
1	Empadroados no Concello de Palas de Rei e/ou escolarizados con CEIP Plurilingüe de Palas de Rei	10,00 €
2	Grao de discapacidade 33% ou superior	10,00 €
3	Familias numerosas, familias monoparentais, mulleres vítimas de violencia xénero con fillos a cargo.	10,00 €
4	2 ou mais irmáns inscritos na mesma quenda	10,00 €

Os anteriores criterios non poderán acumularse.

En circunstancias excepcionais de extrema vulnerabilidade, previo informe social, poderá eximirse por completo do pago establecido.

ARTIGO 7. Pagamento

A obrigación de contribuír nace desde o momento en que se solicita a prestación de calquera dos servizos que se regulan neste Acordo.

ARTIGO 8. Normas de Xestión

O ingreso das realizarase conforme ás instrucións que dite o alcalde unha vez que se publique a convocatoria, para o que se lle faculta tan ampliamente como sexa preciso.

Cando por causas non imputables ao obrigado, o servizo non se preste, procederá a devolución do importe correspondente, conforme ao establecido no artigo 46.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

ARTIGO 9. Modificación

A Xunta de Goberno Local poderá modificar os prezos públicos fixados no presente Acordo.

ARTIGO 10. Infraccións e Sancións

As débedas polos prezos públicos aquí regulados poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e a norma de recadación que sexa de aplicación.

ARTIGO 11. Lexislación Aplicable

En todo o non previsto no presente Acordo estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo e a Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

O que se fai público aos efectos legalmente previtos.

Palas de Rei, 8 de xuño de 2026.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1534

PARADELA*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Por Acordo da Xunta de Goberno Local ordinaria de data 3 de xuño de 2026, iniciouse o expediente de investigación sobre a titularidade, do camiño “Mazo a Rañadoiro” (referencia 9052) de conformidade co artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública, mediante a súa exposición polo prazo de quince días hábiles no taboleiro de anuncios da Corporación, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes no prazo dun mes contado dende o día seguinte o do remate da publicación no taboleiro de anuncios da Corporación.

Paradela, 8 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Montserrat Mulet Sar.

R. 1535

POL*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, de data 04 de xuño de 2026, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de maio de 2026, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 4 de xuño de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1536

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 30/2026

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 12/05/2026, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 30/2026 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co RTGX pola cantidade de 710.998,53 euros, que se fai público resumido por capítulos:

Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	5.922.784,42	0	5.922.784,42
2	Gastos B. Correntes e Servizos	5.229.249,39	709.058,39	5.938.307,78
3	Gastos Financeiros	65.371,83	0	65.371,83
4	Transferencias Correntes	450.545,72	0	450.545,72
5	Fondo de continxencia	129.477,44	0	129.477,44
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	2.656.990,68	1.940,14	2.658.930,82
7	Transferencias de Capital	845.523,84	0	845.523,84
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	217.603,51	0	217.603,51
Total		15.545.551,89	0	16.256.550,42
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.914.000,00	0	2.914.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.531.542,70	0	3.531.542,70
4	Transferencias Correntes	4.930.473,87	0	4.930.473,87
5	Ingresos Patrimoniais	12.809,02	0	12.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00	0	0,00
7	Transferencias de Capital	1.485.198,76	0	1.485.198,76
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.184.888,27	710.998,53	1.895.886,80
9	Pasivos Financeiros	586.639,27	0	586.639,27
Total		15.545.551,89	0	16.256.550,42

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 10 de xuño de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1562

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 05.06.2026, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a MAIO/2026, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 5 de xuño de 2026.- A alcaldesa presidenta, D.^a María Jesús López López.

R. 1537

VILALBA

Anuncio

Número de expediente: 4366/2025

Estimación de recurso de reposición relativo á convocatoria para a selección e provisión dun funcionario interino Técnico de Medio Ambiente (A2)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba en sesión de data 08/06/2026 acordaba estimar o recurso potestativo de reposición interposto polo COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS DE LUGO contra as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión, con carácter de interinidade, dunha (1) praza de Técnico/a de Medio Ambiente, modificando a base 2.b) da convocatoria, relativa ás titulacións esixidas para participar no proceso selectivo, sendo o texto íntegro do acordo de estimación o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2026 de aprobación das bases reguladoras e a convocatoria do proceso selectivo para a provisión, con carácter de interinidade, dunha (1) praza de Técnico/a de Medio Ambiente, nos termos que figuran no expediente administrativo en documento con código seguro de verificación 6L76F64FJ6AEA ZTPNKMJPX3WW.

SEGUNDO.- Publicación das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 107, de data 13 de maio de 2026.

TERCEIRO.- Recurso de reposición interposto con data 1 de xuño de 2026 e número de rexistro de entrada 2026-E-RE-2017, por D. Juan Carlos Rodríguez Maseda, en representación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo, contra a base 2.b) da convocatoria, ao considerar inustificada a exclusión da titulación de Enxeñaría Técnica Industrial entre as titulacións habilitantes para participar no proceso selectivo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Competencia e procedencia do recurso.

I. Competencia: O artigo 123 da LPACAP sinala que “Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os tivese ditado ou ser impugnados directamente ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo”.

De conformidade co artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

“Se non se dispón outra cousa, o órgano delegante conservará as seguintes facultades en relación coa competencia delegada:

(...)

c) Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo, en consecuencia, a este a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse, salvo que no Decreto ou acordo de delegación se conferise expresamente a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.”

Por Decreto de Alcaldía n.º 2023-0435 delegábase na Xunta de Goberno Local a aprobación das bases reguladoras e a convocatoria dos procesos selectivos e os procesos de provisión de postos de traballo; así como a competencia para resolver os recursos de reposición que se presenten contra os actos administrativos ditados por este órgano colexiado en exercicio das competencias delegadas.

De conformidade co anterior, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para coñecer e resolver o presente recurso de reposición.

II. Lexitimación: Respecto á lexitimación do recorrente, COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROIS TÉCNICOS INDUSTRIAIS DE LUGO, debe recoñecerse a existencia dun interese lexítimo suficiente para a impugnación da base recorrida, en canto corporación representativa dos intereses profesionais dos Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo, cuxos colexiados resultan afectados por unha restrición de acceso ao emprego público. En tal sentido tanto a Xurisprudencia do Tribunal Supremo como a do Tribunal Constitucional precisaron o concepto de interese lexítimo de xeito que abarca casos como o presente onde hai unha relación unívoca e concreta da entidade recorrente co obxecto do recurso polo que hai que entender que o mesmo está lexitimado para expor a súa pretensión.

III. Prazo: O artigo 124.1. da LPACAP sinala que “O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes se o acto fóra expreso. Transcorrido devandito prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo sen prexuízo no seu caso da procedencia do recurso extraordinario de revisión”.

Por tanto, o recurso enténdese formulado en prazo considerando que a base controvertida obxecto de impugnación foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 107, de data 13 de maio de 2026.

SEGUNDO.- Sobre os requisitos de titulación para o acceso ao posto convocado.

Os requisitos de titulación establecidos nas bases dun proceso selectivo deben responder ás necesidades funcionais do posto obxecto de cobertura e adecuarse aos principios reitores do acceso ao emprego público previstos na Constitución Española e na lexislación básica de función pública.

A Administración dispón dunha marxe de apreciación para definir o perfil profesional requirido en cada convocatoria, mais a delimitación das titulacións admitidas debe fundarse en criterios obxectivos relacionados coas tarefas e responsabilidades inherentes ao posto, evitando restricións que poidan resultar innecesarias para a correcta selección das persoas aspirantes.

TERCEIRO.- Sobre a inclusión da titulación de Enxeñaría Técnica Industrial.

Examinado o contido da convocatoria e as alegacións formuladas no recurso, considérase procedente revisar a relación de titulacións prevista na base 2.b), ao apreciarse que a titulación de Enxeñaría Técnica Industrial proporciona unha formación técnica que pode resultar adecuada para o exercicio de parte das funcións atribuídas ao posto de Técnico de Medio Ambiente.

En particular, a formación asociada a esta titulación abrangue ámbitos vinculados á análise técnica de instalacións e actividades, á xestión de procesos industriais, ao control de factores con incidencia ambiental e á elaboración de informes técnicos, materias que presentan unha conexión relevante coas competencias que habitualmente corresponden aos postos de carácter técnico en materia ambiental dentro da Administración local.

Consecuentemente, non se aprecia a existencia de razóns organizativas ou funcionais que xustifiquen o mantemento da súa exclusión expresa do elenco de titulacións habilitantes para participar no proceso selectivo.

CUARTO.- Sobre a ampliación das titulacións admitidas e a garantía dos principios de acceso ao emprego público.

A incorporación da titulación de Enxeñaría Técnica Industrial á relación de titulacións admitidas supón unha ampliación do ámbito de concorrencia ao proceso selectivo sen alterar a natureza do posto convocado nin o nivel de cualificación técnica esixido para o seu desempeño.

Dita modificación contribúe a favorecer unha maior participación de aspirantes potencialmente cualificados e resulta compatible cos principios de igualdade, mérito e capacidade, ao permitir o acceso ao procedemento selectivo de persoas que acreditan unha formación universitaria susceptible de proporcionar coñecementos e competencias relacionados coas funcións propias do posto.

Por todo o anterior, considérase procedente estimar o recurso interposto e modificar a base 2.b) nos termos indicados na parte dispositiva da presente resolución.

QUINTO.- Sobre a conservación das actuacións xa realizadas.

A estimación do recurso determina a modificación parcial da base 2.b) da convocatoria, sen afectar ao resto das bases nin ao desenvolvemento do procedemento selectivo.

De conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, relativo á conservación de actos e trámites, procede manter aqueles actos administrativos e actuacións do procedemento cuxo contido permanecería inalterado de non terse producido a modificación agora acordada.

A rectificación acordada amplía o ámbito subxectivo de participación no proceso selectivo, mais non altera os requisitos xa cumpridos polas persoas aspirantes que presentaron solicitude dentro do prazo inicialmente concedido nin afecta á validez das actuacións realizadas ao abeiro das bases publicadas.

En consecuencia, resulta procedente manter a plena validez das solicitudes presentadas dentro do prazo inicialmente establecido, sen prexuízo de habilitar un novo prazo de presentación de solicitudes que garanta o exercicio efectivo do dereito de participación das persoas que adquiren lexitimación para concorrer ao proceso como consecuencia da modificación agora acordada.

Vista a proposta de resolución PR/2026/967 de 2 de xuño de 2026./ Vista la propuesta de resolución PR/2026/967 de 2 de junio de 2026.

En virtude das consideracións xurídicas e de feito postas de manifesto no expediente, a Xunta de Gobierno Local, en virtude da competencia que lle foi delegada mediante Decreto da Alcaldía número 2023-0435, de data 30 de xuño do 2023, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Estimar o recurso potestativo de reposición interposto polo COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS DE LUGO con data 1 de xuño de 2026 (2026-E-RE-2017) contra as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión, con carácter de interinidade, dunha (1) praza de Técnico/a de Medio Ambiente, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 107, de 13 de maio de 2026.

SEGUNDO.- Modificar a base 2.b) da convocatoria, relativa ás titulacións esixidas para participar no proceso selectivo, que quedará redactada do seguinte xeito:

“b) Estar en posesión do título universitario de grao, diplomatura ou licenciatura en Ciencias Ambientais, Bioloxía, Enxeñaría Técnica Agrícola, Enxeñaría Técnica Forestal, Enxeñaría Ambiental, Arquitectura Técnica ou Enxeñaría Técnica Industrial.”

TERCEIRO.- Declarar, ao abeiro do artigo 51 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a conservación das solicitudes válidamente presentadas dentro do prazo inicialmente establecido na base terceira da convocatoria, as cales serán tidas por presentadas para todos os efectos sen necesidade de nova achega ou ratificación por parte das persoas interesadas.

CUARTO.- Co fin de garantir os principios de igualdade, concorrencia e seguridade xurídica, **abrir un novo prazo de presentación de solicitudes de dez (10) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do anuncio de modificación derivado da estimación do recurso, prazo que terá carácter complementario ao inicialmente concedido e durante o cal poderán presentar solicitude aquelas persoas que resulten habilitadas para participar como consecuencia da modificación da base 2.b).**

QUINTO.- Ordenar a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como na sede electrónica e demais medios de publicidade empregados para a difusión da convocatoria.

SEXTO.- Notificar a presente resolución á persoa recorrente, con indicación dos recursos que procedan.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación para as persoas interesadas directamente notificadas ou, de ser o caso, desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro recurso que se considere procedente.

Vilalba, 8 de xuño de 2026.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.